

*Mar na infancia*

Atópome ás veces,  
nas miñas propias lembranzas,  
no mar, na praia, na area,  
xogando ca esencia do tempo,  
ca area entre as mans.

Atópome ás veces,  
nas lembranzas do mar,  
afogando nas olas,  
rexurdindo entre elas,  
respirando como a última vez.

ás veces non me atopo,

non volvo dos meus propios recordos,  
non entendo o tempo, négoo,  
espero nas vivas augas,  
descanso baixo as augas.

Ás veces non me atopo,  
non volvo dos recordos do mar,  
espido baixo o tenuo luar,  
á deriva na noite, sen tempo, sen lembrar.